

# Estudo dos resortes (Consideracións sobre a constante elástica dun resorte)

Antonio Gregorio Montes

agremon2001/@/yahoo/./es - <http://feirasdeciencia.wikispaces.com>

IES Porta da Auga - 27700 Ribadeo

## 0.Introducción

O grupo de Traballo de Física para as probas de acceso á Universidade<sup>1</sup> ten especificadas, dentro das prácticas a realizar, dúas delas relacionadas co estudo do resorte elástico, e que polo tanto permiten relacionar os resultados obtidos polos dous métodos diferentes.

Asemade, ambas prácticas teñen indicacións abondas para a súa realización. Non embargantes, os resultados da selectividade non deixan lugar a dúbidas en relación a que moitas veces a súa realización é ou deficiente ou inexistente.

Ademáis, dado que a estática non é materia a estudar no actual 2º de bacharelato, a conexión teoría-práctica resíntese, facendo necesario un aporte teórico complementario que se pretende repasar.

Polo demáis, dito aporte debe incluír a consideración da masa do resorte para apartarse das condicións ideais, e non estaría tampouco de sobra que se aportaran ideas sobre a asociación de resortes, que ilustra posibles comparacións co caso dos condensadores en electricidade.

Este traballo pretende encher dalgún xeito ese oco baleiro, aportando algunha idea e permitindo a discusión sobre elas.

---

<sup>1</sup> <http://ciug.cesga.es/ciug/grupostraballo/22/22.html>